



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN
PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende o 01.07.2016 ata o 16.12.2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 14.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, precisa renovar parte do inmovilizado fixo da entidade, xa obsoleto, por outro novo o que levará aparelado unha sensible baixada dos custes de reparación.

Que as inversións previstas coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo a optimización e creación de novos procesos administrativos e de xestión, permitindo unha fórmula de comunicación bidireccional entre a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, os directivos e as Confrarías de Pescadores. Asemade para cumprir coa normativa da LOPD, faise necesario a adquisición dun sistema de destrución documental.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplado no Texto



Refundido da Lei de Contrato do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

